

Ardentía e as memorias dos mares e dos ríos*

Francisco Fernández Rei

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) leva anos traballando arreo na recuperación e socialización do patrimonio material e inmaterial dos mares e ríos de Galicia e do norte de Portugal. Recentemente a Federación puxo en marcha dous proxectos, que eran dous grandes retos.

Un é o chamado "Desafío a tope", que consiste na construción dunha serie de dornas de tope de idénticas medidas coas que algún día facer regatas como as que se fan hoxe coas dornas de escarva, que son as se poden ver no Grove, na Illa da Arousa ou en Ribeira. O nome "desafío" para ese proxecto de recuperación dunha das embarcación emblemáticas das Rías Baixas e da costa galega en xeral ten como referencia o esforzo das tripulacións de antano por chegaren a porto con vantaxe para vender a mellor prezo as súas capturas. O desafío empezou a facerse realidade o pasado 17 de maio, día en que a Escola de Navegación Tradicional da Illa celebra a Travesía das Letras, que no 2006 tivo a particularidade de ver navegar a elegante *Pesa do rabo*, a primeira das dornas do "Desafío a tope".

O outro gran reto era editar unha revista periódica, que substituíse a publicación que se editaba nos bianuais Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Este desafío é realidade desde que en xuño do 2004 apareceu o nº 1 de *Ardentía. Revista de Cultura Marítima e Fluvial*, cuxo mascarón de proa ben puidera ser "bitácora das travesías en que se embarcan os amadores da cultura do mar e dos ríos", feliz definición que da revista fai o seu director Luis Rei no nº 3 que hoxe presentamos na adega deste "Barco da Memoria", que acaba de arribar escoltado por botes e outras embarcacións tradicionais do mar de Ferrol, onde as tripulacións viñan cantando a Internacional, mentres en terra o seu atraque era saudado por tanta xente nova e non tan nova que axitaba bandeiras republicanas e que se sumou ó canto da Internacional, uns en castelán, outros en galego.

1. A pretensión do consello de redacción de *Ardentía* é combinarmos o máximo rigor nos contidos coa divulgación, sen caermos na pedantería científica, para que

* O texto corresponde á miña intervención no acto de presentación do nº 3 de *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e fluvial*, que se celebrou o 22 de agosto do 2006 na adega do *Hidria Segundo* (O "Barco da Memoria") cando estaba atracado no peirao das Curuxeiras de Ferrol. Tamén participaron nese

calquera persoa allea á cultura marítima e fluvial poida achegarse a calquera dos temas tratados. Queremos contribuír a dignificar a cultura e o modo de vida da xente que viviu e que vive do mar e dos ríos; e para iso tratamos de coidar tanto o contido como a maquetación e a parte gráfica, moi abundante nos tres números xa editados, con material fotográfico antigo xa édito, pero tamén con moita fotografía inédita do arquivo da revista e, sobre todo, dos redactores e colaboradores. Aínda que poida resultar presuntuoso pola nosa parte, aspiramos a que sexa unha revista de excelencia gráfica e de calidade literaria, co galego e co portugués como únicas linguas das colaboracións.

Cada número ten un tema central, que no primeiro era o patrimonio inmaterial marítimo e fluvial, pois ese número pensouse como apoio á fallida candidatura de declaración pola Unesco do patrimonio inmaterial galego-portugués como Patrimonio da Humanidade, unha campaña na que a FGCMF participou activa e gustosamente dentro e fóra de Galicia. O tema central do nº 2 eran os barcos e as xentes, publicado con motivo do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia celebrado en Cambados en xullo do 2005.

O nº 3 de *Ardentía* está dedicado á memoria. E tiña que ser así nos días en que se conmemora o 70 aniversario do golpe de Franco contra o lexítimo goberno da II República, porque, como ben di Luis Rei na súa Atalaia ou editorial "este ano 'toca' rachar co esquecemento e co silencio sobre un alzamento militar, unha guerra e unha represiva posguerra que tronzaron numerosas vidas e proxectos. É hora de restituír a xusta memoria de persoas que perderon a vida, a liberdade ou a facenda, simplemente por ser axentes activos da sociedade que lles tocou vivir".

Co golpe militar de 18 de xullo do 1936 produciuse unha forte represión no mundo do mar, co que se creou unha situación de medo e terror como a reflectida por Xosé Luís Méndez Ferrín na elexía nacional "Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror", publicada en 1967 co heterónimo Heriberto Bens. Un panel con versos deste longo poema recibe á xente que vén visitar a exposición sobre os mártires do mar e a represión franquista contra os mariñeiros galegos na adega do *Hidria Segundo* onde agora estamos, un vello alxibe do porto de Vigo recuperado para o turismo náutico, que neste verán do 2006 se converteu no "Barco da Memoria", en lembranza do *Upo Mendi*, embarcación que en 1937 o franquismo reconverteu en cadea-flotante de presos vascos e que en plena guerra acabou

acto Bernardo Máiz Vázquez, presidente do Clube do Mar de Ferrol, e Fernando Piñeiro Oubiña, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

fondeando na ría de Vigo, na mesma ría onde o franquismo tiña a illa-cadea de San Simón, “a illa da morte de amor máis fermosa do mundo”, en palabras de Anxo Angueira.

Dionísio Pereira, principal responsable desta excelente exposición sobre os mártires do mar, abre o nº 3 de *Ardentía* co artigo "O Barco da Memoria", encabezado tamén cuns versos dese poema de Méndez Ferrín. Dionísio analiza episodios sanguinarios e á vez conmovedores, como o da Enseada da Bombardeira, preto de Baiona, onde en outubro de 1936 asasinaron nove homes, a maioría mariñeiros de Panxón e Baiona, en vinganza pola morte dun falanxista, un feito que seguiu vivo entre os veciños que, día tras día, durante moitos anos, gravaban na terra nove cruces na mesma curva -a Volta dos Nove- onde caeran os corpos sen vida.

Cóntansenos episodios estarrecedores, como o asasinato en abril do 1937 de nove homes -dous deles curmáns de Castelao- e unha muller, que se ocultaran no bou *Eva* atracado na ribeira do Berbés, en Vigo, despois de levaren meses escapados e que parece ser que se autoinmolaron para non deixarse atrapar. Rafael Dieste deixou escrito que "os feixistas asolagaron a bodega do bou. Primeiro con auga fría. Despois con auga fervente. Os acosados non saían... Ouvíronse uns disparos...".

E Dionísio dá conta doutros episodios brutais, como o fusilamento de once homes de Cariño diante dos muros do ferrolán castelo de San Felipe para vingar a fuga por mar de sindicalistas anarquistas dese porto do Ortegaleira ou o asasinato de mariñeiros de Cangas e Moaña que logo era fondeados nas augas da ría de Vigo. O mesmo ocorreu con xente da Illa da Arousa, tal como lles teño oído a mariñeiros de Cambados que disque andando á vieira en augas próximas á Illa ás veces nunha rastrada o que subían a bordo eran un corpo atado con arames.

Despois destas trágicas lembranzas, na revista analízanse moi diversas memorias: a do mar fotografado por Blanco Amor, gran poeta e narrador e á vez excelente fotógrafo; a do urbanismo do barrio mariñeiro de San Tomé, en Cambados, e a das construcións da beiramar, tanto os primeiros edificios de salgar como as pesqueiras que se facían no litoral portugués miñoto aproveitando os cons da beiramar, as chamadas camboas. E tamén se estuda a memoria deixada nos nomes do lugar da costa entre Panxón e A Guarda, con fotos aéreas onde se sinalan os chamadoiros de todo o que está na beira do mar ou no mar próximo á costa.

A memoria dos ríos tamén está presente nunha revista que tamén atende á cultura fluvial galaico-portuguesa. Trátase a da pesca no Miño e a pesca comunitaria da

anguía no lago Carucedo, na zona do Bierzo próxima a Galicia. E ademais, faise unha fermosa travesía na literatura e na prensa galega para dar coa presenza do río Ulla e dos seus *baleiros* e *patifas*: os *baleiros* eran os mariñeiros de río e de mar do Porto, en Pontecesures, que andaban á lamprea e ó salmón no río, e que eran os mesmos que largaban as "talladas" por Cambados ou Dena cando devalaba o mar no costado de leste da ría da Arousa, para andaren á robaliza, ó muxe e á solla, para o que se valían de francadas. As *patifas* eran as mulleres deses mariñeiros de río e mar, as peixeiras de Cesures que pateaban as aldeas levando o peixe e tocando unha bughina para avisaren da súa presenza.

En cada número da revista publícase algunha historia de vida sexa cal sexa o tema central. Son entrevistas con homes e mulleres que teñen ese gran saber que achega a "Universidade da Vida" e que consideramos necesarias nunha publicación que quere recuperar a memoria e dignificar a escrava vida do traballo no mar e no río. Se no nº 1 se editaba a historia dun mariñeiro de baixura de Lira, que á vez era labrego, no nº 2 tratábase a historia de vida dunha traballadora da conserva do Grove e tamén a dun mariñeiro de Viana do Castelo, da chamada Tropa do Bacalhau, que era a xente que para librar de ir ó exército tiña que andar seis anos seguidos ó bacallau nas xélicas augas de Terranova. No presente número preséntase a fermosísima historia de vida dunha mariscadora de Moaña.

Á parte destas diversas memorias faise unha lembranza do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia do 2005. É unha reportaxe fundamentalmente gráfica, onde se pode apreciar a rica tipoloxía de barcos que hai un ano navegaron polo mar da Arousa e a gran marea de actividades culturais e musicais que houbo nese Encontro de Cambados. Nunca tantos barcos tradicionais diferentes se viran navegar nas augas galegas e nunca tantos actos en terra houbera nun evento semellante.

Tamén se lembra a Staffan Mörling, o sueco de Beluso que dedicou gran parte da súa vida á dignificar as dornas, as lanchas e outros barcos dos pobres e a sabia cultura cultura que os rodea. A Federación participou nos actos que se lle renderon a Mörling o pasado xaneiro en Bueu, onde agasallamos coa primeira Dorna de Ouro da FGCMF a este home que pateou o noso litoral desde Ribadeo á Guarda hai 40 anos e a quen os galegos posiblemente nunca lle poidamos pagar a súa viaxe iniciática no estudo das nosas embarcacións tradicionais.

Na sección "Letras na Almadra" homenaxéase a Luguís Freire, Día das Letras Galegas 2006, con dous contos mariñeiros, un dunha marexada no mar de Ferrol e outro

sobre a Illa de Sálvora e a súa colonización a comezos dos XIX. E na sección "Sino de proa", onde se dá conta de libros con temática mariña e fluvial, fálase da singradura dun balandro da ría de Noia e dun vocabulario sobre o mar de Cangas, e tamén do libro *Follas de bacallau*, onde o biólogo e poeta Xavier Paz fai a crónica da marea dun bacaloeiro nas xeladas augas do Ártico próximas a Noruega.

A revista féchase cun apartado da xente que pinta o mar. Esta vez o protagonista é un pintor do Grove, Ernesto Goday Caamaño, bisneto do Goday que no séc. XIX montou na enseada de Punta Moreiras a primeira industria de salga da península do Grove. Nos cadros de Goday está moi vivo o mar do Grove, a súa xente, os seus traballos e as súas paisaxes, tanto as naturais como as urbanas.

2. A finais do pasado mes de xullo viña nun xornal compostelán un artigo sobre o "Barco da Memoria", que comezaba dicindo que o *Hidria* "va por los mares gallegos en homenaje a los republicanos represaliados. Pero en aquella contienda no hubo nadie inocente. Los dos bandos mataron a destajo", para logo preguntar: "¿Y cómo puede un Gobierno democrático revivir la crueldad de hace setenta años y de un modo parcial y partidista llevando por los puertos gallegos el rencor y el desquite?". E remataba ese artigo deste xeito: "Hoy en el *Hidria*, pagado con el dinero de los españoles, van los arribistas: hablan los escritores, cantan los cantantes, recitan los poetas, navegando, comiendo y bebiendo en diversion inicua. Reniego de esta España cainita y miserable. Jóvenes: no os dejéis engañar. Fueron culpables rojos y azules. Tenéis derecho a un futuro limpio de trampas y de votos"¹.

É ben certo, como di a autora, que os dous bandos mataron; pero non é menos cerco que o bando vencedor honrou os seus feridos, que tiveron prebendas de todo tipo, e honrou os seus mortos -aí están as cruces e as placas de tantas igrexas galegas cos nomes dos caídos do bando franquista-, mentres que os feridos e mortos do bando republicano empezan agora a ser homenaxeados e recoñecidos. E está é unha das funcións deste "Barco da Memoria" e da súa exposición sobre os mártires do mar.

Cando lía este artigo víñame á mente a ilusión con que Dionísio Periro hai tempo me falaba da posible exposición sobre a repesión no mundo do mar e do proxecto do que logo foi o "Barco da Memoria" e de como xa se estaban a implicar algúns Pósitos e algunhas asociacións da FGCMF e da recuperación da memoria histórica e xente moi diversa. E sobre todo víñanme á mente os actos vividos en Cambados o 17 de xullo

cando se inaugurou a travesía do "Barco da Memoria", e particularmente o acto tan emotivo celebrado no Pósito dos Mariñeiros e Mariscadoras desa vila arousá para rehabilitar o Patrón Maior asasinado no 36 e á vez honrar a memoria de mariñeiros, labregos e canteiros de Cambados levados á illa de San Simón e ó penal de Pamplona, algúns dos cales xa non volveron con vida.

Nestes momentos véñenme á mente os emotivos actos que houbo no Grove nos días en que o *Hidria* estivo alí atracado e os actos que logo tiveron lugar na Illa da Arousa. Dou fe do éxito de varios deses actos e por diversa xente, algunha totalmente allea á organización dos actos, sei do éxito da presenza do "Barco da Memoria" polos portos galegos en que estivo atracado.

Aproveito para darlle os meus parabéns á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta, e particularmente á súa Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, por acoller e patrocinar a iniciativa do "Barco da Memoria" e a exposición da represión nas vilas mariñeiras. Agora ben, non me cabe dúbida que o éxito que está a ter este Barco e as actividades que o rodean, tanto no *Hidria Segundo* como en terra, débese, fundamentalmente, ó labor calado e xeneroso de moita xente comprometida coa cultura do mar e coa recuperación da memoria histórica que quere honrar a tantas persoas da beiramar que soñaron un mundo menos escravo e que moitas veces pagaron coa súa vida a arela de dignidade e de liberdade.

¹ Cristina Amenedo: "Navegando en el 'Hidria'", *El Correo Gallego*, 28.7.06, p. 4.